Informe de acción de coordinación da titulación de mestrado universitario en oceanografía pola UCA, ULPGC e UVIGO 2023-2024

Índice

I. Información xeral 2
II. Coordinación 2
III. Accións de coordinación 2
IV. Conclusións 6
V. Anexos 6

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Mestrado universitario en oceanografía pola UCA, ULPGC e UVIGO
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias do Mar
Curso	2023-24

II. COORDINACIÓN

Coordinadora da titulación	Eva Teira
Reunión	

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Accións de coordinación

Como en cursos anteriores, mantivéronse as accións de coordinación, mantendo e reforzando as actividades xa desenvolvidas durante os cursos anteriores, así como favorecendo a resolución de aspectos xurdidos do día a día. Dende a coordinación do mestrado mantívose un contacto constante cos coordinadores das outras sedes (UCA e ULPGC), cos coordinadores de materias na UVIGO, co equipo decanal, coa comisión de calidade e cos/cas estudantes.

3.1. Reunións de coordinación entre sedes e da CAM

Ao longo deste ano, por motivos de eficacia e para evitar desprazamentos de membros da comisión académica do campus de Ourense, a maior parte das reunións tiveron lugar de maneira virtual asíncrona ou síncrona. A coordinadora do mestrado participou sempre nas reunións de coordinación entre sedes. O seguimento e comunicación foi continua cos coordinadores de materia e o estudantado para detectar e resolver todas as pequenas incidencias que ían aparecendo, fundamentalmente relacionadas cos horarios e coa materia do TFM.

A continuación indícanse as reunións realizadas.

Reunións de coordinación entre sedes

Mantívose un contacto continuo entre a coordinación das tres sedes a través de intercambio de e-mails. Neste curso académico mantivéronse dúas reunións síncronas entre as sedes, para tratar temas ordinarios así como para a preparación da acreditación do titulo. A continuación se resumen os temas tratados nas reunións síncronas e a través dos e-mails.

Reunión síncrona do 12 de marzo de 2024

A reunión síncrona entre as tres sedes convócase a petición da nova coordinadora da UCA, María del Carmen Puga. Tratase dunha reunión informal dirixida a plantexar unha posible modificación da titulación, co fin de clarificar na MV que a saída de campo da materia Procesos Xeolóxicos é unha actividade de campo, para solventar os problemas de

financiamento da actividade que ten a UCA. A reunión ten lugar a través de Google meet.

Acordouse preparar a solicitude de modificación despois da acreditación do titulo. Por outra banda, plantexouse incluír na modificación tamén a posibilidade de permitir a participación de profesorado non doutor como co-titores de TFM. Discútese tamén a posibilidade de reducir, nun futuro, a presencialidade del 10 a 8 h por cada ECTS.

Reunión síncrona do 25 de abril de 2024

A reunión é convocada pola ULPGC e presidida polo Director de calidade da ULPGC, Victor Manuel Cuesta, e conta coa presencia dos coordinadores das tres sedes así como persoal de calidade das tres sedes. Ten lugar a través de Teams. A reunión ten como fin informar sobre o proceso de acreditación, sobre a documentación que temos que preparar e sobre a visita virtual do panel que terá lugar o día 30 de abril de 2024 vía Teams.

E-mails entre marzo 2023-setembro 2024

Entre os temas tratados pola coordinación das tres sedes a través dos e-mails destacan as seguintes:

-En marzo de 2023, fixamos a través do e-mail as datas para as actividades conxuntas de videoconferencias para o curso 2023-2024.
-En novembro de 2023 intercambiamos e-mails para unificar os datos de matriculados, así como o estudantado de mobilidade.
-En abril de 2024, intercambiamos unha serie de e-mails para fixar data para reunirnos co fin de preparar a documentación para a acreditación do titulo, e posteriormente para intercambiar documentación relacionada co proceso.
-Entre xullo e setembro de 2024 intercambiamos e-mails co fin de trasladar as notas do estudantado de mobilidade as sedes de matricula para completar os expedientes.

Reunións da comisión académica do mestrado (CAM) da UVIGO

Mantívose una comunicación continua entre os membros da CAM para resolver os diferentes asuntos ordinarios de funcionamento do mestrado. Ademais, leváronse a cabo dúas reunións virtuais síncronas (22 de novembro de 2023 e 22 de xullo de 2024) e tres reunións asíncronas por correo electrónico (5 de setembro de 2023, 3 de novembro de 2023 e 7 de maio de 2024). A continuación detállanse os asuntos aprobados cronolóxicamente:

- Admisión do alumnado do 2º prazo de matrícula do curso 23/24
- Oferta de liñas de TFM do curso 23/24
- Límite de prazas para o curso 24/25
- A PDA para o curso 24/25
- O reparto de horas de recoñecemento
- O POD do curso 24/25
- As Guías Docentes das materias para o curso 24/25
- As datas e horarios dos exames do curso 24/25
- O calendario das convocatorias para os TFM do curso 24/25
- Os tribunais dos TFM do curso 24/25

3.2. Outras accións de coordinación

En canto ao estudantado, a coordinadora do mestrado mantivo titorías a petición destes e intercambio de e-mails cos estudantes, para explicar asuntos relacionados coas axudas para a realización de tese de doutoramento e para explicar aspectos importantes relacionados con TFM (formato, avaliación e procedementos administrativos

Así mesmo a coordinadora mantivo informado a través do e-mail a todo o profesorado dos asuntos de trámite relevantes do mestrado (elaboración de guías docentes, horarios, trámites do TFM, trámites de dietas e gastos de desprazamento intercampus, etc.).

Finalmente a coordinadora do mestrado mantivo varias reunións virtuais asíncronas a través do e-mail cos coordinadores e coordinadoras de materias do mestrado para a organización docente, incluída a elaboración dos horarios e as guías docentes.

IV. CONCLUSIÓNS

A. Preinscrición e admisión

Das 20 prazas ofertadas cubríronse 11 de novo ingreso e 1 de matrícula parcial, representando un 70% da oferta. Do total, 3 proceden de titulacións cursadas no estranxeiro. Ademais contamos con 3 estudantes de mobilidade procedente da Universidade de Cádiz e un da Universidad de las Palmas de Gran Canaria que cursaron a especialidade de Océano e Clima impartida na UVigo; e 3 fixeron seu TFM en Vigo. Na data da redacción deste informe non están dispoñibles os indicadores das taxas de transición de grado-mestrado, nin as taxas específicas de captación do curso 23-24 debido a problemas xurdidos coa implantación do programa de xestión SIGMA comunicados á coordinación do mestrado pola Área de Analises e Programas da UVigo.

Non rexistrouse ningunha incidencia no desensenvolvemento do curso nin por parte do profesorado nin do alumnado.